



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 5/2016

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E SEIS DE ABRIL DE DOUS MIL DEZASEIS.

En Ordes, a vinte e seis de abril de dous mil dezaseis.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- ANA M^a SONEIRA LIÑARES
- BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL
- LUIS CAAMAÑO FRAGA
- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- MANUEL REGOS BOQUETE
- SILVIA MARÍN PEREIRO
- JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA
- JOSÉ LUÍS GÓMEZ CANDAL
- LUCÍA IGLESIAS MIRÁS
- PABLO VIDAL RÍOS
- PAULA CASTENDA BLANCO
- GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- VERÓNICA GÓMEZ FUENTES

Non asisten:

- ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás vinte horas, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE DATAS 16/03/16 e 05/04/16.

Polo Sr. Alcalde procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión extraordinaria de data 16/03/16 e a acta da sesión ordinaria de data 05/04/2016, cuxas minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo isto ó



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A acta da sesión extraordinaria, de data 16 de marzo de 2.016, resultou aprobada, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor, coa abstención do Sr. Vázquez Raña, sendo dezasete o número legal de membros desta Corporación.

Seguidamente, intervén a Sra. Gómez Fuentes, que sinala que na acta da sesión ordinaria de data 5 de abril de 2016, observa os erros seguintes:

Folla nº 6

Onde dí:

.../...

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

.../...

Debe dicir:

.../...

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG), coas abstencións (Sra. Gómez Fuentes), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

.../...

Folla nº 25

Onde dí:

.../...

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor (7 grupo político PP, 4 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

.../...

Debe dicir:

.../...

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

.../...

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que na acta da sesión extraordinaria de data 5 de abril de 2016, observa os erros seguintes:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

Folla nº 14

Onde dí:

.../...

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que se esta proba non ten ningún valor, por que facerlle pasar aos nenos por ese trance.

.../...

Debe dícir:

.../...

Intervén a Sra. Castenda Blanco, en representación do grupo político BNG, que sinala que se esta proba non ten ningún valor, por que facerlle pasar aos nenos por ese trance.

.../...

A acta da sesión ordinaria, de data 5 de abril de 2.016, resultou aprobada, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor, coa abstención do Sr. Vázquez Raña, sendo dezasete o número legal de membros desta Corporación, coas correccións sinaladas pola Sra. Gómez Fuentes e Sr. Vidal Ríos.

PUNTO SEGUNDO: INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde infórmase das seguintes actuacións municipais:

- No día de onte e dado que algunha xente continuaba a pasar cortouse ao tráfico a ponte de Pereira, para maior seguridade do tránsito de vehículo, por que apareceu unha rotura no firme de relativa relevancia e importancia. Reforzouse a sinalización, as barandillas. Están pendente que Patrimonio autorice as obras, temos xa a autorización de Augas de Galicia dende finais de marzo. Esta semana estase terminando o proxecto técnico modificado, que espera poder remitir a semana que ven para que o informen de inmediato. A continuación empezárase a contratación das obras. Espera que a Consellería de Medio Rural lle dea unha axuda de polo menos oitenta mil euros para financiar esta actuación.

Os Srs. Conselleiros danse por decatados.

PUNTO TERCEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARA INSTALACIÓN DE MARQUESIÑAS NAS RUTAS DO CEIP MESÓN DO VENTO, CORRESPONDETES AO PLAN COMPLEMENTARIO PAS 2015.

Visto o acordo do Pleno do Concello, de data 14 de decembro de 2015, de participación no Plan de Acción Social (PAS) 2015, así como a aprobación do Plan Complementario no que se incluíu como investimento financeiramente sostible de carácter social o proxecto: Instalación de marquesiñas nas rutas CEIP Mesón do Vento.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que estiveron examinando o proxecto técnico e parécelles algo excesivo o importe para unhas simples marquesiñas. O que se coloca son uns simples tubos de ferro cunhas chapas galvanizadas. Se se divide o importe total entre doce marquesiñas sae cada marquesiña en 2.700,00 euros, parécelles algo elevado. Se fosen doutro estilo, máis elaborado, podería ser máis acaído.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o código da unidade como esta desglosada no proxecto técnico correspóndense coas bases de datos que manexan os técnicos. Son prezos simples aos que hai que engadir o beneficio industrial, gastos xerais e o iva correspondente. A cifra é a que sae de aquí, non poden obxectar a cantidade. Trataríase de facer unhas marquesiñas o máis acaídas posibles, cunha durabilidade no tempo.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Aprobar o prego de prescricións técnicas para o proxecto: Instalación de marquesiñas nas rutas CEIP Mesón do Vento, correspondentes ao Plan complementario PAS 2015.

PUNTO CUARTO: ACORDO, SE PROCEDE, ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE ORDES PARA O CAMBIO DA TITULARIDADE DE VARIOS TREITOS DE ESTRADAS AUTONOMICAS E LOCAIS ENTRE AMBAS ADMINISTRACIÓNS.

Visto o texto do acordo entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Ordes para o cambio da titularidade de varios treitos de estradas autonómicas e locais entre ambas administracións.

Visto que o Concello de Ordes é titular de varias estradas nas que o tráfico que discorre polas mesmas é de carácter interurbano, e que a Xunta de Galicia é titular de varias estradas que discorren polo termo municipal que teñen principalmente tráfico local.

Visto o disposto no art. 9 da Lei 8/2013, de 28 de xuño.

Visto o ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais do Pleno.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que están de acordo neste punto. Xa en febreiro deste ano trouxeron unha moción no que solicitaban este cambio de titularidade da estrada que une o polígono de Merelle ata o límite co concello de Cerceda. Están de acordo por que consideran que este cambio de titularidade vai a ser beneficioso para o concello por que non van a ter que asumir o mantemento de estradas que



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

teñen tráfico supramunicipal e outras estradas que pasan a titularidade do concello que teñen un tráfico eminentemente municipal. O seu voto será favorable neste punto.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que isto xa foi tratado no pleno de xaneiro de 2014, naquela ocasión saíu aprobado cos votos a favor de UxO, PSOE e CideGa, o BNG votou en contra. Entendían que era unha estrada que se deixou abandonar ao longo do tempo, que a levou ao estado no que agora se atopa, non había un acordo da Xunta de Galicia para que aceptase a transferencia desta estrada. Non sabe as reunións que mantivo o Sr. Regos Boquete coa Consellería. Parécelle lamentable que a Xunta de Galicia se esquecese dous anos dos veciños de Mercurín e que agora por que hai un Alcalde do PP faga posible esta transferencia das estradas. Non lles parece que sexa un xeito correcto por parte dunha administración actuar dun xeito partidista. Agora xa esta consignada unha partida para o arranxo desta estrada, hai un acordo coa Xunta de Galicia para aceptar esta estrada a cambio dos restos de estradas que quedan en Ordes. Haberá que votar favorablemente para solucionar dunha vez o problema na zona.

Intervén o Sr. Regos Boquete, voceiro do grupo político UxO, que sinala que dende 2007 están pelexando para que esta transferencia se leve a cabo, benvida sexa, houbo que esperar ata estes momentos. Pídelle ao Sr. Alcalde que na entrega dos viais ao concello xa que as nosas vías están en bo estado que invistan algo nelas. Moitos veciños pediron moitas veces a través do PSOE a reparación da rúa prolongación dos Lagartos, que é o paseo da senda dos Bosteiros. Van a votar a favor.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o cambio para o Concello é moi beneficioso, tanto dende o punto de vista cuantitativo como cualitativo. Esa actuación de prolongación das rúas na zona dos Bosteiros é importante, habería que executala canto antes. A día de hoxe coas aliñacións que temos, sendo unha estrada de titularidade autonómica obrigaríanos a ter que recuar máis do idóneo. Unha vez que a estrada pase a titularidade municipal vai a poder continuarse a beirarrúa cunha aliñación máis acorde coa zona. Hai que facer a transferencia. Hai que plantexar que nos concedan unha axuda para facer unha actuación nesa zona ou noutra que o demande. Hai que facer esta transferencia para que canto antes poidan comezar coa licitación e contratación da obra da estrada de Mercurín.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

O cambio da titularidade de varios treitos de estradas autonómicas e locais seguintes:

1.- Cambio de titularidade de estradas municipais a prol da Xunta de Galicia:

- Estrada N550 a AC524.
- Estrada AC524 e N550.
- Treito N500 ao límite termo municipal co Municipio de Cerceda.

2.- Cambio de titularidade de estradas autonómicas a prol do Concello de Ordes:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

- Estrada AC417 (AC524-Ordes-AC524); ppqq 1+100 e 0+280.
- Estrada AC524 (Ordes-Lanzá); ppqq 0+000 e 0+280.
- Restos da AC413 e AC524 que quedaron fora do trazado principal.

3.- Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura do acordo de transferencia.

PUNTO QUINTO: ADHESIÓN, SE PROCEDE, AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS EN MATERIA DE XESTIÓN DE RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS.

Visto o Convenio marco de colaboración entre a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Federación Galega de Municipios e Provincias en materia de xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos.

Visto o ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais do Pleno.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que están de acordo coa adhesión a este convenio por que supón unha aposta por conservar o medio ambiente. É algo que no goberno, dende a concellería de medio ambiente, é algo que sempre intentaron defender. Coa súa chegada a concellería de medio ambiente, o punto limpo que estaba un pouco abandonado, empezou a ter un funcionamento modélico. Foron uns dos primeiros concellos de Galicia en por en marcha a campaña de recollida de plásticos agrícolas, de rodas, de electrodomésticos. Dotar ao punto limpo das infraestruturas precisas para a recollida de aparellos eléctricos e electrónicos parécelle fundamental. A ver se isto contribúe a erradicar os numerosos vertedoiros incontrolados.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que consideran positivo este convenio para o concello e unha mellora para o punto limpo, para o medio ambiente. Votarán a favor.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Adherirse ao Convenio marco de colaboración asinado, o día 30/03/2016, entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Federación Galega de Municipios e Provincias, co fin de dotar ao punto limpo de titularidade do Concello de Ordes do



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

equipamento necesario, de entre o comprendido no obxecto do convenio, para a recollida e reclasificación de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE), aceptando expresamente todas as condicións establecidas no convenio.

PUNTO SEXTO: CONSTITUCIÓN, SE PROCEDE, AGRUPACIÓN DE CONCELLOS PARA A ENCOMENDA DE XESTIÓN DA PRESTACIÓN MANCOMUNADA DOS SERVIZOS DE PROTECCIÓN CIVIL.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a urxencia da inclusión deste punto na orde do día ven motivada polos prazos de presentación da subvención, que remata o día 14/05/2016. Trátase de poder solicitar máis equipamento de emerxencias. O Concello de Frades vai a convocar un pleno extraordinario a semana que ven para a creación desta agrupación. Con esta agrupación os voluntarios do concello de Ordes van a poder actuar tamén no concello de Frades en materia de servizos de protección civil.

Por unanimidade dos presentes acórdase a inclusión deste punto na orde do día.

Visto o interese dos Concellos de Frades e Ordes de colaborar na xestión mancomunada do servizo de protección civil mediante a constitución dunha agrupación de Concellos

Visto o convenio de colaboración da agrupación de Concellos para a encomenda de xestión da prestación mancomunada dos servizos de protección civil.

Visto o disposto no art. 25.2.f e art. 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril e art.15 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que a documentación deste punto lles foi remitida hoxe pasadas as dúas da tarde. Considera que é preciso que sexa tratado nunha comisión informativa. Como voceira do PSOE representa a unha agrupación que ten militantes, temos una executiva local coa que se consultan todas as decisións, unilateralmente non pode tomar ningunha decisión ao respecto. É preciso falar as cousas con máis calma. Van a propor que quede enriba da mesa para falalo con máis tranquilidade.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non hai tempo material, senón habería que convocar un pleno extraordinario. O prazo da subvención remata o día 14 de maio. Hai outros concellos da mancomunidade que xa contan con protección civil e non estaban interesados en mancomunar o servizo. Foi o xefe de protección civil de Ordes o que estaba interesado en que se fíxese esta agrupación entre os concellos de Ordes e Frades. Se non se fai así non van a poder acollerse á orde de axudas nesta anualidade. O convenio é o modelo tipo de convenios de agrupacións, do mesmo xeito que se aprobou unha agrupación para acollerse ás subvencións de obradoiros de emprego. Non supón ningún gasto a maiores para o concello máis ala das propias do funcionamento do servizo. A agrupación de voluntarios de protección civil mantense sen ningún tipo de aportación municipal. Non se está a falar de gastar diñeiro público en ningún



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

caso. O único que necesitan son medios materiais para poder atender os actos programados, non hai atención vinte e catro horas. Co tempo esperan conseguir unha actuación máis continuada.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que tampouco tiveron tempo de analizar o documento, teñen outras ocupacións. Tomar unha decisión é bastante complicado, terá as súas vantaxes a nivel de conseguir axudas, pero a nivel operativo ao ter que ocuparse dunha extensión maior tamén terá as súas dificultades. Optan pola abstención.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, en representación do grupo político UxO, que sinala que lles parece que habería que estudar a adhesión de máis concellos, non son dous, canto máis sumen sería vantaxoso. Viron que hai unha porcentaxe que pon o concello de Ordes, un porcentaxe menor que pon o concello de Frades. Se vamos a ter os medios en Ordes, a sede en Ordes, que vamos a aportar economicamente, son cousas que deberíamos pensar. O seu voto tamén vai a ser a abstención.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que hoxe en día protección civil so está a traballar con operativos programados, nadal, carnaval, a carreira, Expo Ordes e moitos outros operativos que se demandan dende o concello, son máis de setenta persoas. Hai xente de Frades que non tería inconveniente en participar nestes operativos. Valorouse a posibilidade dunha agrupación con Mesía, pero finalmente vai a crear o seu propio grupo de voluntarios. Os gastos que figuran no convenio a día de hoxe xa se están a abonar, gastos de combustible de vehículos, gastos de seguros, non hai outros gastos. A agrupación non percibe ningún importe do concello por facer estas actuacións. O reparto de gastos faise proporcional como en outros agrupamentos atendendo á poboación dos concellos. Non hai problema se Mesía non consegue creala de forma individual que se poida adherir a esta agrupación. Trazo e Tordoia tampouco decidiron optar pola agrupación. O fin principal é poder acollerse a esta orde de axudas, que ao mellor para o ano non sae esta orde para a entrega de vehículos ou remolques para emerxencias.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, que pregunta se a subvención a pode solicitar un so concello ou ten que ser en agrupación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que hai liñas que como xa se viron beneficiados non poderían concorrer este ano, se se fai como agrupación si que poden concorrer. O feito de ir mancomunados concede máis puntos. Pero hai concellos que xa teñen a súa agrupación, Cerceda, Oroso, Mesía vai a crear a súa propia agrupación. Trazo e Tordoia non teñen voluntarios neste momento dispostos a integrarse na agrupación, Frades si os ten. Concurrer en agrupación favorece que poidamos concorrer a estas axudas, non quere dicir que ao final nos las vaian a conceder. Ir en agrupación supón ter máis opcións.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de sete votos a favor (7 grupo político PP), coas abstencións (5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Crear unha agrupación entre o Concello de Frades e o Concello de Ordes para a prestación mancomunada de servizos de protección civil.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

2.- Aprobar a encomenda de xestión do proxecto ao Concello de Ordes.

3.- Aprobar o convenio de colaboración de formalización da encomenda de xestión, no que se recollen os compromisos asumidos por cada un dos concellos integrantes da agrupación.

4.- Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura do convenio de colaboración e todo o relacionado coa tramitación deste expediente.

PUNTO SÉTIMO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 5 de abril de 2016, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decatado.

PUNTO OITAVO: MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Polos grupos políticos preséntanse as mocións seguintes.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo mixto-PSdeG-PSOE, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“Dende a Agrupación Socialista de Ordes temos constancia da persistencia de problemas de insuficiencia de potencia eléctrica no polígono industrial de Ordes e arredores, poñendo en risco o normal funcionamento das empresas alí ubicadas.

Por outra banda, tamén nos chegaron varias queixas dos problemas da internet no dito polígono e arredores. Somos conscientes de que a internet o igual que a potencia eléctrica son, hoxe en día, un instrumento fundamental para o normal funcionamento das empresas, polo que este problema de non solucionarse de forma definitiva pode seguir impedindo o asentamento de empresas no noso terreo industrial así como o normal desenrolo das existentes.

Por isto, dende o Partido Socialista de Ordes solicitamos unha solución definitiva os problemas de insuficiencia no subministro eléctrico e tamén da internet que padecen os



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

proprietarios e propietarias das parcelas do polígono industrial de Merelle así como das empresas da contorna do citado polígono que contribúen a impedir o desenvolvemento empresarial do noso Concello, que é fundamental para xerar riqueza e postos de traballo.

Mentres que outras poboacións limítrofes están a facer xestións para dotar os polígonos de sistemas de enerxía e de comunicación competitivos aquí aínda estamos con deficiencias nestes servizos.

Temos que recordar que no seu día sendo presidente da Xunta de Galicia Emilio Pérez Touriño e conselleiro de Innovación e Industria Fernando Blanco investíronse 100.000 € pola Dirección Xeral de Promoción industrial e da Sociedade da Información da Xunta de Galicia para dotar dunha rede de conexión a internet sen cable o polígono industrial a través do sistema WiMax.

Por outro lado, temos constancia de que no lugar da Margarida, en Buscás, tamén se producen problemas de insuficiencia de potencia eléctrica na liña de media tensión da rede de distribución de Unión Fenosa. Estes problemas ocasionan cortes de subministro eléctrico, os cales xeran graves prexuízos ós veciños e veciñas posto que non poden empregar varios electrodomésticos ó mesmo tempo debido a insuficiencia de potencia.

Polo que, en condición de voceira municipal do PSdG-PSOE no Concello de Ordes somete á consideración do Pleno esta moción, para que este adopte o seguinte acordo de resolución:

1.- Instar ó Concello de Ordes a que leve a cabo os trámites necesarios con Unión Fenosa para solucionar os problemas de insuficiencia de potencia eléctrica no polígono industrial de Merelle e arredores así como na zona da Margarida, en Buscás.

2.- Instar ó Concello de Ordes a que leve a cabo os trámites necesarios coa Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia para mellorar o acceso e as conexións a internet no polígono industrial de Merelle e arredores”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que sona a broma de mal gusto. Ordes que esta cerca de varios dos máis importantes nodos da rede eléctrica do noroeste peninsular, que por el pasan autopistas da electricidade, sen embargo nalgúns lugares deste concello aínda andamos por corredoiras eléctricas. Sufrimos os inconvenientes da rede eléctrica, limitan as nosas explotacións forestais, impiden que delimitemos moitos solos urbanizables. Están basicamente de acordo co que expoñen os compañeiros do



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

PSOE, pero creen que por cuestións de practicidade sería convinte acoutar un pouco onde se producen os problemas. É un tanto difuso falar de problemas no parque empresarial e arredores, por que arredores pode ser calquera das empresas que está nos arredores. O goberno debe de informarse e ver onde se producen eses problemas. Proximamente vai a entrar en funcionamento un gran consumo no parque empresarial que vai a agravar esta cuestión. Ademais de instar a Unión Fenosa, tamén hai que dar traslado á Consellería de Industria para que sexa coñecedora dos problemas que teñen con internet e coa rede eléctrica.

Intervén o Sr. Regos Boquete, voceiro do grupo político UxO, que sinala que no ano 2007 cando comezaron a gobernar unha das primeiras peticións, sobre todo para o desenvolvemento do medio rural, foi ter a suficiente enerxía para que se puidesen desenvolver a labor agraria e industrial. Se fixo por etapas, investiuse moito diñeiro. Fai pouco instalouse un transformador de media tensión en Oroso para dar servizo ás empresas de Ordes. As carencias seguen. Estanse poñendo transformadores en Leira, no Casal. Hai que seguir insistindo. Espera que o Alcalde solicite estas melloras para o concello.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que lle chama a atención a exposición de motivos e o acordo de resolución. Tal é como esta redactada a moción non pode contar co seu voto favorable. É todo moi difuso. Que empresas teñen problemas de subministro eléctrico. No DOG nº 58, de 28/03/2016, trae un trámite de información pública de autorización de 20 Kilovoltios para a parcela 86-87 e 88 do parque empresarial. O reforzo que se fixo no ano 2008 permitiu aumentar de maneira considerable a potencia do parque empresarial. Hose en día esta medianamente satisfeito esa carencia de potencia. Posiblemente hai problemas pequenos de potencia en fins de liña en momentos puntuais. Hai que falar coa Consellería por estar sen resolver o caso da Margarida en Buscás, o caso do Balado. Están solucionados os casos da Fraga da Galiña, Ceidón, Darefe. A Consellería está investindo diñeiro e a empresa subministradora ano tras ano. Hai que facer un estudo máis conciso. Seguir insistindo onde están as zonas problemáticas. A moción tal é como esta plantexada pola deficiencia de potencia eléctrica se non se define dunha maneira máis clara e se indica cales son as empresas. En nove meses non houbo ningún tipo de inconvinte que se lles fixese chegar. Parécelle estraño que se diga que hai problemas de insuficiencia eléctrica. En canto a mellora da conexión a internet, no ano 2009 instalouse unha rede WiMax no parque empresarial que despois no tempo se demostrou que non foi operativa para ninguén. A continuación no 2015 asinouse un convenio cunha empresa cedéndolle a unha empresa unha parcela municipal no Mesón do Vento para darlle solución a Buscás, Leira e as partes que quedaban pendentes no parque empresarial. Esta si foi unha medida efectiva. Tampouco teñen ningún coñecemento de ningún inconvinte en ningunha empresa pola conexión a internet, salvo un caso en setembro de conexión por rede que houbo unha avaría na rede xeral e estiveron sen internet tres días. Tal e como se plantexa a moción son necesarios datos máis concretos para facer esa solicitude á empresa subministradora e á Consellería para actuar dun modo puntual e resolver os problemas de baixa tensión na rede coa colocación de novos transformadores. E non unha moción xenérica que fala de problemas de insuficiencia eléctrica e de internet en moitos sitios sen concretar os puntos exactos. Se persiste co acordo de resolución non vai a contar co voto favorable.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que onde teñen constancia que se presentan os problemas é na segunda fase do parque empresarial. Está de acordo con informar á Consellería de Industria. Tamén o que se comentou dos arredores. Cando redactou a moción incluíu os arredores por que lles chegou constancia de que no parque empresarial algunhas empresas teñen estas deficiencias.

Intervén o Sr. Alcalde, que lle pide que lle diga cales. Por que queixas ningunha.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que sinala que o de arredores o engadiu por que cara ao norte do parque empresarial hai outras empresas e sería preciso cerciorarse de que non teñen ningún problema de electricidade e internet. Non ten problema de eliminar a palabra arredores do primeiro e terceiro puntos do acordo de resolución. Aquí non vai a dar nomes concretos de empresas. Están traendo aquí unha problemática que non a inventaron, a eles chegoulles esta información. Insta ao alcalde a que se informe por que son varias as empresas que teñen este problema. Se xa hai un tramite que se esta a realizar para solucionar este problema, instar a que se acelere o máximo posible para que as empresas teñen un normal funcionamento. O de internet o traen por que unha capacidade de 10 megas é moi pouco para o funcionamento dunha empresa. Xa sabe que nunca está de acordo coa redacción das súas mocións. Non é unha moción xenérica, estalle dando datos concretos. So pide que se informe á Consellería de Industria e a Unión Fenosa destes problemas. Por que o parque empresarial ten que ser competitivo, ten que atraer empresas, hai que levar a cabo unha estratexia de desenvolvemento empresarial seria e contundente.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que se trae aquí coa moción é unha información que se lle trasladou dende algunha empresa. Non custa ningún traballo poñerse en contacto coa empresa subministradora e coa Consellería de Industria para cerciorarse se realmente existen eses problemas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non se opón a facer o trámite, gustaríalle que se lle fale de datos concretos que é o que lle van a pedir. Ao final este contido non vai a servir para nada, vai a pasarlles o mesmo que na Grela. Non mandar un acordo xenérico que non sirva para nada.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que hai que acoutar o problema para saber si é por falta real de capacidade ou por un problema na rede.

Intervén o Sr. Regos Boquete, voceiro do grupo político UxO, que sinala que Ordes no seu momento tivo moitas necesidades a nivel de subministro de electricidade que se foron solventando. Hai que concretar as zonas que neste momento teñen problemas de electricidade ou zonas de sombra de acceso a internet. A moción é moi importante, hai que apoiala. Hai que facela extensiva a outras zonas nas que tamén hai necesidades para darlle traslado á Consellería de Industria.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o que pide de instar para solucionar os problemas, se poña de outra maneira. Este texto non lles serve, llo di sinceramente. Se ten a ben a próxima semana aportaralle as peticións que eles teñen e non hai ningún problema en facer unha petición conxunta indicando estes puntos de necesidade. E se ten a ben indique, se non quere o nome das empresas, o número das parcelas nas que hai un problema segundo o plano de distribución das



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

parcelas que está a súa disposición na páxina web ou no concello. Fagamos unha reclamación conxunta que é unánime en todos os grupos, e non este acordo de resolución que fala de problemas de insuficiencia eléctrica e de internet no parque empresarial de Merelle. Tal é como esta non é viable. Na próxima xunta de voceiros poden traer todos os problemas e redactase unha moción conxunta para o próximo pleno. Tal é como esta non lle parece oportuno remitir isto á Consellería de Industria por que non soluciona o problema.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que sinala que non parque empresarial de Merelle é a segunda fase, non parcelas concretas. Dende o PSOE traen estas peticións por que foron as que lle chegaron a eles. Están abertos a escoitar as aportacións de todos os grupos e chegar a un consenso para facer unha reivindicación conxunta e que así se solucione de forma máis exhaustiva. Están dispostos a facer extensiva esta reclamación a maiores lugares e problemas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o debate foi positivo e construtivo. Empraza a todos os grupos a que na próxima xunta de voceiros os lugares, zonas nos que haxa problemas se inclúan nun texto que se redacte de forma conxunta para a súa aprobación no seguinte pleno.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que sinala que acepta retirar a moción por que estes puntos se incluírán no acordo conxunto. Pide que se traia ao próximo pleno sen falta por que os problemas son graves e estase a causar un prexuízo aos veciños.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo mixto-PSdeG-PSOE, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“Dende o Partido Socialista de Ordes sempre apostamos polas zonas verdes e de esparcemento así como polas sendas peonís. Foron numerosas as iniciativas solicitadas dende este grupo municipal nesa liña, como foron as sendas peonís da Brea, no Mesón do Vento e de Ordes a Poulo.

Seguindo nesta liña, os socialistas de Ordes consideramos prioritario a construción dunha senda peonil segura, sostible e integrada na paisaxe, entre a entrada ao cemiterio municipal do Valado e A Grela (Parada), o longo da estrada DP 5903 de Ordes a Portomouro por Puentechonia, pola súa marxe esquerda.

Esta senda supón un claro beneficio para as persoas da parroquia de Parada, concretamente dos lugares de A Grela-A Igrexa-O Pazo e O Castro xa que moitas delas fan o percorrido dende estes lugares o tanatorio de Ordes poñendo en perigo a súa integridade física ao ir na meirande parte do percorrido pola propia estrada.

Por outra banda, non so supón un claro beneficio para as persoas da parroquia de Parada, senón que moitos veciños e veciñas das parroquias limítrofes e de Ordes poderían desenrolar hábitos de vida máis saudables ao ter esta senda continuidade polas beirarrúas do Valado ao cal permitiría crear un longo itinerario para pasear e correr na contorna do pobo.

En resumo, non so melloraría a seguridade dos veciños e veciñas que teñen que facer necesariamente ese percorrido, senón que moitas outras persoas a poderían empregar para pasear ou facer deporte no tempo de lecer.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA N° 14

Esta vía exclusiva para o uso peonil e separada da circulación cunha extensión de aproximadamente 2,5 quilómetros deberá ter un deseño e un trazado que garantan a accesibilidade e tamén contar con zonas de repouso.

Para o desenvolvemento desta senda sería preciso un presuposto aproximado de 177.800 € desglosado como segue:

- Explanación xeral e movemento de terras: aproximadamente 7.000 €.
 - Canalización de pluviais: aproximadamente 52.000 €.
 - Canalización de abastecemento: aproximadamente 18.000 €.
 - Canalización de impulsión: aproximadamente 8.000 €.
 - Formación de senda: aproximadamente 42.000 €.
 - Gastos xerais: 13% 127.000 € = 16.510 €.
 - Beneficio industrial: 6% 127.000 = 7.620 €.
 - IVA (21%)= 26.670 €.
- TOTAL EXECUCIÓN DO PROXECTO= aproximadamente 177.800 €.

Polo que, en condición de voceira municipal do PSdG-PSOE no Concello de Ordes somete á consideración do Pleno esta moción, para que este adopte o seguinte acordo de resolución:

Instar ao Concello de Ordes a que elabore un proxecto e solicite esta senda peonil á Deputación Provincial da Coruña, a cal terá todo o apoio da Agrupación Socialista de Ordes”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Castenda Blanco, en representación do grupo político BNG, que sinala que están de acordo coa moción. Iniciativas como esta sempre son benvidas. Parécelles importante e interesante por que moitos veciños utilizan este camiño para chegar a Ordes ou ao tanatorio municipal. Facéndoo desta forma garantimos a súa seguridade. É unha boa iniciativa por que ademais se amplian as zonas verdes, as zonas peonís, podendo facer a xente deporte.

Intervén o Sr. Regos Boquete, voceiro do grupo político UxO, que sinala que é unha boa iniciativa. Esta senda é necesaria, esta é unha estrada da deputación que ten moito tránsito. Esta senda e outras moitas. Está a da Brea que levan oito anos loitando por ela, vai a facerse, benvida sexa. Agora a Deputación do PSOE e BNG reparte de forma equitativa para todos, non como antes so para uns.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o salón de plenos o pagou a Deputación, a estrada de Merecurín tamén o pagou a Deputación. O PP tamén investiu en Ordes a pesar de non estar gobernando nos pasados catro anos. Están de acordo coa moción. É unha petición dos veciños



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

de Parada. O proxecto técnico esta redactado. Cando se asinou o último convenio coa Deputación falouse deste tema. Pídelle que retire as cantidades por que non se corresponden para nada cos importes da execución que están a demandar. Están moi lonxe da valoración técnica que se fixo pola asistencia técnica-urbanística. O mellor é enviar a solicitude, que veñan os técnicos da Deputación e a analicen. O sitio lóxico é facelo pola esquerda, hai que seguir ata a Estación e darlle continuidade ao que poida ser no futuro unha zona verde. Son dous con oitenta quilómetros. O proxecto esta feito, enviarase no día de mañá. Pola cifra que é non vai a poder executarse todo nunha primeira fase. É importante executar toda a parte de pluviais, abastecemento e saneamento, de impulsións. Na marxe esquerda hai que facer moitos muros de contención, traslados de tendidos eléctricos.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que acepta facer esa corrección e retirar as cantidades que son aproximadas. O que queren é que este proxecto se leve a cabo. A súa pretensión é facer un concello agradable para vivir, que sirva para atraer poboación. Este tipo de iniciativas van a permitir aos veciños desenvolver hábitos de vida máis saudables. É importante que se solicite canto antes. Ve favorable o consenso que sempre fará un pouco máis de presión.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Solicitar á Deputación Provincial da Coruña a inclusión no Plan provincial de sendas peonís, a construción dunha senda peonil para a seguridade vial na DP5903 (Ordes-Portomouro por Pontechonia), pq 1+635 a pq 4+435.

PUNTO NOVENO: ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo mixto-PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- O vial que vai dende Parada (A Grela) a Fosado é un vial moi empregado que conta cun tráfico importante.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

Sen embargo, vemos como está moi deteriorado e as fochancas existentes no seu firme (ver foto) poñen en perigo a seguridade viaria e ó mesmo tempo ocasionan danos materiais nos vehículos.

Por outra banda, tamén vemos o mal estado de conservación xa que a maleza mesmo cubre a pista, tal como amosa a foto.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ao Concello de Ordes a que repare este vial de tal xeito que a solución sexa duradeira e se poda manter en boas condicións a longo prazo. Así mesmo tamén instamos ó Concello a que proceda a inmediata limpeza de dito vial.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o rebacheo está feito. Teñen feito case un oitenta por cento do termo municipal. O desbroce vai segundo a programación. Teñen novecentos quilómetros que desbrozar en vías asfaltados. Non lle pode dicir a data en que lle vai a tocar.

- O vial que vai dende a AC-413 (Ordes–Carballo) a Vilagudín está moi deteriorado. As fochancas existentes no seu firme (ver foto) poñen en perigo a seguridade viaria e ó mesmo tempo ocasionan danos materiais nos vehículos.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ao Concello de Ordes a que repare este vial de tal xeito que a solución sexa duradeira e se poda manter en boas condicións a longo prazo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esta obra quedou fora do POS 2016, eran dez mil euros. Hai que suscitala de cara ao 2017. Con fondos propios neste momento non a van a poder asumir. O rebacheo esta pendente, nesa parroquia aínda non se actuou.

- Na estrada CP-3802 (Ordes–Pontecarreira) á altura da Espenica vemos como o poste indicativo está tirado, tal e como amosa a foto.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instar ao Concello de Ordes a que proceda á súa recolocación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que onte llo fixo saber aos operarios para a súa colocación. Non sabe se xa o fixeron.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 17

- No pasado pleno do mes de setembro dende a Agrupación Socialista de Ordes presentamos un rogo para solicitar ó Concello que fixese públicos os ingresos obtidos para a financiación das Festas Patronais, os gastos, a contía aportada polo propio Concello e o remanente se o houberse.

Non chegando a este Grupo Municipal a información solicitada e ante a proximidade das vindeiras Festas Patronais instamos ó Concello de Ordes a que faga pública dita información para que todos os veciños e veciñas podan coñecer, xa que como ben é sabido por todos, estas Festas financiáronse pedindo ós veciños e veciñas, hostaleiros e comerciantes en xeral un esforzo económico.

Por isto, consideramos que todos os veciños e veciñas teñen dereito a coñecer a conta de resultados destas Festas.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ó Concello de Ordes a que faga públicos os ingresos obtidos para a financiación das Festas Patronais, os gastos desglosados por partidas, a contía aportada polo propio Concello e o remanente se o houberse.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que eses datos figuran na folla nº 38, da acta do pleno de 30 de setembro de 2015, ten aí toda a información. A única cantidade que lle quedou pendente de dicir foi o remanente da recadación que foron 523,08 euros, que se porán a disposición desta anualidade. Nese momento tamén estaba pendente de pagar á SGAE que foron 918,18 euros. A recadación total foron 45.014,10 euros e os gastos 44.449,02 euros. Non vai a facer públicos os datos de cada unha das aportacións. Por entidades ten a información. Nesa folla da acta están todas as cifras.

- No Mesón do Vento, ó lado do colexio hai un poste que está en plena estrada, xa que está ubicado na curva, tal e como amosan as fotos. Esta situación supón un grave risco para a circulación poñendo en grave perigo a seguridade viaria.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instar ó Concello de Ordes a que solicite a Telefónica a inmediata reubicación do citado poste para impedir que cause perigo e poña en risco a seguridade viaria e ó mesmo tempo evitar que o Concello de Ordes teña que facer fronte a unha responsabilidade subsidiaria en caso de que esta situación ocasione danos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se fará a solicitude.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 18

- No Paraíso, en fronte do IES Nº 1, unha zona moi transitada, vemos como a rúa Nicolás del Río non ten rematadas as beirarrúas, tal como amosan as fotos. Agora que fai uns meses se procedeu ó talado dun carballo que había alí situado, tal e como se ve na foto, nada impide a construción desta beirarrúa xa que para rematala ata a súa intersección coa Ronda Leste son moi poucos metros e melloraría a seguridade na zona, así como tamén a estética da rúa.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instar ó Concello de Ordes a que proceda a rematar a construción da beirarrúa na rúa Nicolás del Río, en fronte ó IES Nº 1 de Ordes, ata a súa intersección coa Ronda Leste.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se trata dunha propiedade privada, haberá que falar co propietario e despois valorar a actuación. Ver si é posible unha cesión gratuíta.

- Para a Agrupación Socialista de Ordes as sendas peonís son fundamentais posto que permiten aumentar a seguridade dos peóns e, ó mesmo tempo, xerar hábitos de vida máis saudables. Por todo isto, deben conservarse e manterse axeitadamente.

Temos constancia de que a senda peoníl de Ordes a Poulo está (tal e como amosan as fotos) en moi mal estado de conservación; chea de follas e de piñuca, situación moi perigosa xa que cando chove pode provocar numerosas caídas.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instar ó Concello de Ordes a que proceda ó barrido desta senda peoníl para mantela nun axeitado estado de conservación e así evitar que os usuarios que a empregan podan sufrir algún accidente.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se toma en consideración. Farase canto antes.

- A competencia municipal en materia de vías públicas alcanza tanto as vías urbanas como as rurais e, por tanto, é obriga do Concello mantelas nun bo estado de conservación.

Chegounos información a este grupo municipal dunha pista pública en Buscás (adxunto plano), na zona de Cernadas, que dá acceso a unha vivenda e a varias fincas e que está en moi malas condicións, tal e como amosan as fotos que se adxuntan.

A maiores das malas condicións do firme da pista, a maleza impide moitas veces o paso.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 19

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instar ó Concello de Ordes a que proceda ó inmediato acondicionamento da citada pista así como á limpeza da súa maleza.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que hai un problema. A pista ten unha dimensión reducida, dous metros cincuenta, mesmo o peche desta veciña esta sobre a pista, non se gardou o recuado oportuno. Non ten problema en que a actuación se inclúa no POS e facer a limpeza no verán. Pídelle que os acompañe para poñer de acordo aos veciños, por que alí o que é imposible é tocarlle aos laterais. Ten falta de limpeza, pero ninguén respectou as aliñacións. O firme da pista é bo. A casa ten un terceiro acceso da nova rede de concentración parcelaria. Sen limpar a maleza é absurdo facer un reafirmado. É unha corredeira moi antiga pero ninguén quere que se toque aos taludes.

- No mes de novembro, e reiteraron en xaneiro, pediron dotar de luz ao punto de luz ubicado na primeira rotonda que ven de Buscás á saída da autoestrada. Pasou medio ano e segue ás escuras o que pode provocar accidentes.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instar ao Concello de Ordes a que se dote de luz a este punto de luz.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o punto de luz xa o hai, pero non hai liña. A vía non é nosa. Non quedou prevista a liña dende a rotonda superior. Non hai de donde sacar a liña. Habería que solicitar autorización para colocar unha liña cunha distancia considerable nunha vía que non é nosa. Hai que valorar o custe e ver cando se pode facer esta inversión, de inmediato non.

- No pleno do mes pasado xa o trouxeron no pleno do mes pasado. A fonte é un ben público que leva varios meses sen funcionar. O código civil de Galicia di que o propietario da fonte pode aproveitarse das augas pero facendo saír as sobrantes polo lugar acostumado. É unha fonte que tiña moito uso. Aínda que hai unha concesión administrativa hai que facer unha intervención para que se deixe saír a sobrante e solucionar o problema canto antes.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instar ao Concello de Ordes a intervir no grave problema que afecta á Fonte de Esmorís.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o venres presentouse a comunicación previa para as obras. A eles xa lles chegou a autorización de Augas de Galicia para a substitución do depósito. Unha vez que se dea conformidade á comunicación previa pediranlle que o fagan canto antes.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 20

Intervén a Sra. Castenda Blanco, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- No pleno ordinario de xaneiro, este grupo municipal presentou unha moción interesándose pola situación do Consello Escolar Municipal, así como polo obrigatorio informe sobre o estado do ensino no municipio do ano 2015.

Naquel pleno recibimos como resposta que se estaba a rematar a memoria financeira do ano pasado, mais logo de tres meses agardando, seguimos sen saber nada do informe sobre o estado do ensino no municipio do ano 2015.

Durante o debate da moción, indicouse que na sesión de constitución acordárase que se farían catro xuntanzas ao ano (na vez das dúas obrigatorias por regulamento). Entendemos moi negativo que non se celebre ningunha reunión do CEM antes do período de matriculación e admisión de alumnado en centros públicos de Galiza, o cal está a rematar, para analizar posibles situacións nas que centros poidan verse obrigados a pechar as súas portas por falta de alumnado (como xa aconteceu en varias escolas unitarias nos últimos anos), ou evitar a saturación de determinados centros escolares.

Na súa condición de representante do BNG no Concello de Ordes fórmalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

A que se convoque o Consello Escolar Municipal e se elabore o informe sobre o estado do ensino no municipio do ano 2015.

A que nesa sesión se analice tamén a matriculación de alumnado nos centros públicos de Ordes, estudando os fluxos de alumnado existentes e os centros que se atopan próximos ao alumnado mínimo; co fin de deseñar campañas informativas e de sensibilización, buscando evitar o peche doutro centro escolar en Ordes.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que no mes de maio se vai a convocar. Faltan tres centros de ensino por facilitar o informe que lle solicitou fai tres meses.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, que sinala que iso non lle corresponde ao Consello Escolar Municipal, iso correspóndelle á Comisión de Escolarización e Inspección.

Intervén a Sra. García Gómez, que sinala que fixo un Consello Escolar Municipal en setembro e fará outro en maio.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, que sinala que o informe se trata na Comisión de Escolarización que a forman os directores dos centros, a concelleira de educación e a inspección. O inspector é o que decide se hai problemas de escolarización.

Intervén a Sra. García Gómez, que sinala que nestes momentos, despois das reunións coa Xefatura Territorial, non se estima que vai haber ningún problema de escolarización. Estase a facer un seguimento. En xullo haberá unha reunión coa inspección e a Xefatura Territorial. No regulamento figuran dúas sesións ordinarias.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 21

Intervén a Sra. Marín Pereiro, que sinala que pese ao regulamento se acordou facer un en cada fin de trimestre.

Intervén a Sra. Castenda Blanco, que sinala que non se fixeron os de xaneiro e abril.

Intervén a Sra. García Gómez, que sinala que falou cos representantes dos pais, para unha vez que se celebre este Consello Escolar Municipal, modificar o número e convocar tres e non catro.

- No pasado pleno de xaneiro, este grupo municipal trasladou no pleno o rogo de varios veciños e veciñas que solicitaban a demarcación dun paso de peóns na Rúa Alfonso Lesta e de pasos peóns en cada unha das testas da Rúa do Mirón. Naquel pleno o alcalde sinalou que existía un informe extenso da Policía Local sobre as necesidades de sinalización horizontal e vertical, aceptando a nosa petición. Recentemente levouse a cabo o repintado da sinalización horizontal nestas rúas, nas que unicamente se recolleu a proposta de delimitar un paso de peóns na testa da Rúa do Mirón coa Rúa do Recreo.

Na súa condición de representante do BNG no Concello de Ordes fórmalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

A que o Concello de Ordes rectifique na sinalización horizontal que levou a cabo, instalando un paso de peóns na Rúa Alfonso Lesta e outro na testa da Rúa do Mirón con Alfonso Lesta.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o mal tempo impediu facer toda a sinalización que estaba pendente. En Alfonso Lesta pintouse o carril de circulación, está pendente o paso de peóns. Vai a continuarse coa sinalización que está pendente de rematar. Entre maio e xuño elaborárase o proxecto de eliminación de barreiras para concorrer ás ordes de axudas de Vicepresidencia e Deputación Provincial. Non pode concretar a data.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- No apartado de Normativa da web municipal, atopamos normativa que só se atopa dispoñible en español, como por exemplo a “Ordenanza da posesión de animais domésticos”

Na súa condición de representante do BNG no Concello de Ordes fórmalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Se redacten en galego toda a normativa municipal, de tal xeito que os veciños teñan a posibilidade de consultala no idioma propio.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA N° 22

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa o comentou co informático, que rematará cos trámites de mellora da web.

- Na zona de Carballedo, ó carón da pista da concentración parcelaria, recentemente apareceron unha gran cantidade de refugallos domésticos, que mesmo chegan a invadir a pista.

Na súa condición de representante do BNG no Concello de Ordes fórmulle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Se proceda á retirada dos refugallos para darlles o tratamento axeitado.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que daráselle traslado á empresa xestora da recollida municipal.

- Recentemente remodelouse a páxina web de Concello de Ordes. O apartado turístico, contén varios erros, como que no apartado "aloxamento" figura un hotel que leva case dez anos pechado.

Tamén no apartado "onde comer" figuran varios negocios que levan tempo pechados ou que xa non ofrecen eses servizos. Tampouco ten explicación que outros restaurantes ou casas de comida sexan completamente esquecidos, o que supón un claro trato de favor da administración cara determinados negocios.

En canto ao punto de turismo, esquecese do Desordes creativas. E certo que se trata no apartado da concellería de cultura, pero non sobra unha mención no apartado de turismo e un enlace para velo máis detalladamente na zona correspondente da web.

Na súa condición de representante do BNG no Concello de Ordes fórmulle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Que se corrixa estes erros na páxina web municipal.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que os datos se enlazaron dende Tourgalicia. Vanse a ir subsanando todos os erros e incorporando todas as propostas de comida e aloxamento que temos no noso termo municipal e incluso enlaces ás súas propias webs. A Desordes Creativas se lle pediu que colaborasen coa información a incorporar que aínda non puideron trasladar e non se puido incorporar integramente. Van a ter un lugar destacado na web municipal. Vai a facerse unha app de información turística de Ordes.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 23

- O pasado 12 de abril, un camión tivo un accidente na estrada Ordes – Cerceda por Virís, nunca zona próxima ao lugar de Perra, parroquia de Mercurín. Esta estrada municipal conta cunha prohibición de circulación de tráfico pesado (superior a 5,5 toneladas).

Na súa condición de voceiro do BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

A que abra o correspondente expediente sancionador, dado o incumprimento da limitación imposta na vía.

Solicita intervir o Sr. Secretario, que sinala que os procedementos sancionadores se inician previa denuncia. Xeralmente por denuncia do axente da autoridade, neste caso a policía local ou garda civil. Non hai esa denuncia. Entón so cabería a tramitación dese procedemento sancionador se hai unha denuncia dun particular. Se non se formula a denuncia identificando o día, a infracción e a matrícula do vehículo o Concello non pode actuar. Non vale co rogo presentado no pleno.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que pregunta se a policía non estaba persoada no sitio.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que se lles pode preguntar, pero non van a facer unha denuncia se non viron os feitos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que á hora na que se produciron os feitos xa non estaba a policía local.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que non hai vontade de tramitar o procedemento sancionador.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se algún particular formula a denuncia tramitarase.

- Dando un paseo polo pobo é habitual atoparse con vaos que dispoñen de placas indicativas da correspondente licenza moi antigas. E preciso renovar anualmente este elemento, ou polo menos os datos que contén, para verificar cales son os vaos que foron axeitadamente renovados, pagando a correspondente taxa.

Tal e como se indica na ordenanza municipal reguladora do servizo municipal de retirada de vehículos das vías públicas e maila súa inmovilización, no seu artigo 4º "descripción do servizo", unha das causas xustificadas para a retirada dun vehículo da vía pública é "cando se obstaculice a utilización normal do paso de saída ou acceso a un inmovible de persoas ou animais, ou de vehículos nun vao sinalizado correctamente".

Polo tanto, non ter a placa informativa actualizada pode xerar un problema á hora de retirar un vehículo, xa que ese vao non estaría correctamente sinalizado.

Na súa condición de voceiro do BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA N° 24

A facer un control dos vaos sinalados, instando a retirar a placa naqueles que non foron renovados.

A levar a cabo unha campaña informativa de que un vao non é unha praza de estacionamento reservada, se non un dereito a ter en calquera momento acceso libre ao inmovible.

Cando se renove un vao, informar ao solicitante da necesidade de renovar os datos da placa informativa, advertíndolle do que pode supoñer o non facelo, segundo a ordenanza municipal reguladora do servizo municipal de retirada de vehículos das vías públicas e maila súa inmovilización.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que está de acordo con todos os puntos. Procederán con eles.

- En Reboredo dispoñen desde hai uns meses de servizo de saneamento. Malia dispoñer deste servizo na zona, veciñanza da zona púxose en contacto con este grupo municipal manifestando que existe xente que non se engancha a este servizo e segue a desfacerse das augas negras como o viñan facendo ata o de agora, dun xeito pouco recomendable.

Na súa condición de voceiro do BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo

A que insten a posibles vivendas que dispoñan dun compromiso de conexión asinado, a conectarse a este servizo.

A concienciar a veciñanza sobre este asunto, informando sobre as sancións que poden ocasionar as prácticas que enunciámos nun rogo.

A facer unha vixilancia na zona para evitar estas prácticas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que procederán con todos os puntos. Tratarán na medida do posible que se conecten.

- Na súa condición de voceiro do BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Adecentar a ponte antiga de Pereira que é a que ofrece maior seguridade para o tránsito. Desbrozar para que sexa máis accesible.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que pola zona de tránsito agora mesmo non se pode pasar baixo ningún concepto. Os baleirados son importantes tanto a un lado como outro da tubaxe. Tratarán de adecentar a zona esquerda en dirección a Santiago para que os peregrinos poidan circular con tranquilidade



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 25

Seguidamente ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo mixto-PSdeG-PSOE, que formula a pregunta seguinte:

- ¿As obras que se están adjudicando polo concello o son polo procedemento aberto que foi solicitado aquí no pleno polo BNG a través dunha moción en novembro e non por procedemento negociado?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esa moción non se aprobou. Por agora non se fixo ningunha contratación de obras. A obra da reverencia non chegaba a contía para ter que facer un procedemento de contratación. A obra do pavillón estase a contratar por procedemento aberto.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula a pregunta seguinte:

- A XX carreira popular do Concello de Ordes tivo lugar o pasado 1 de marzo de 2015. Malia que este evento non tivo data fixa nas súas pasadas edicións, varios participantes na mesma achegáronse a este grupo municipal preocupándose sobre a celebración deste evento.

Na súa condición de voceiro do BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde a seguinte pregunta:

¿Cando ten programado o Concello de Ordes celebrar a XXI carreira popular?

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que será o domingo once de setembro.

Por último, solicita intervir a Sra. Marín Pereiro, que sinala que non é un rogo, pero si que quere deixar constancia.

- Fai poucas datas unha nena con discapacidade quíxose matricular nunha academia de baile, de zumba, no concello. So lle permitiron ir a unha sesión coa excusa de que ía retrasar aos nenos. É tan grave. Se esta empresa quere traballar co concello que se lle pidan explicacións. A diversidade funcional enriquece. Non debe segregar.



CONCELLO DE ORDES
(A CORUÑA)

FOLLA N° 26

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás vinte e unha horas e corenta e cinco minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO